

***Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual (ACEESCA)***

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

**DECLARA:**

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual (ACEESCA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2027-2028, isto é o día 31 de agosto de 2028, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual (ACEESCA) nas accións dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con diversidade intelectual.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que a ACEESCA é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito comarcal, constituída por persoas con discapacidade intelectual, os seus pais ou representantes legais e por todas aquelas persoas e entidades afíns ao colectivo de persoas con discapacidade intelectual, que ten entre os seus principais fins os seguintes:



- a) Promover, amparar ou tutelar, a creación ou mantemento de servizos que dean resposta ás necesidades das persoas con discapacidade intelectual en todas as etapas da súa vida: Infancia, Mocidade, e Vida Adulta.
- b) Apoiar ás familias para mellorar as súas condicións de vida e as dos seus familiares con discapacidade intelectual.
- c) Formar ás persoas con discapacidade intelectual coa finalidade de promover a súa integración social e laboral.
- d) Promover a Autonomía e Autodeterminación das persoas con discapacidade intelectual e fomentar a súa Inclusión plena na sociedade.
- e) Salvaguardar os dereitos xerais e especiais da persoa con discapacidade, aprobados na Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade o 13 de decembro de 2.006, e conforme ao previsto no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e demais normativa de desenvolvemento.
- f) Potenciar, planificar e programar todo aquilo que contribúa á mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual.
- g) Formar e perfeccionar a Responsables, Profesionais e Colaboradores/ as na promoción das persoas con discapacidade intelectual.
- h) Concienciar e sensibilizar á opinión pública no principio de Normalización e Inclusión, dando a coñecer o potencial e capacidades das persoas con discapacidade intelectual.
- i) Fomentar e coidar o voluntariado coa finalidade, non só de apoiar ás persoas con discapacidade intelectual no desenvolvemento da nosa misión, senón tamén polo valor social e enriquecemento mutuo.



j) Facilitar tanta información nacional e internacional estea ao seu alcance.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa e no desenvolvemento de accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con diversidade intelectual, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

